

# Día da Muller

# 8 de Marzo de 2013

Con motivo da celebración do Día da Muller, a Xefatura de Estudos, reunida cos equipos de Biblioteca, NL, TIC e Actividades Extraescolares propoñemos as seguintes actividades:

## **Entrevista:**

Cada grupo-clase preparará, concertará e levará a cabo na data acordada, unha entrevista cunha muller que represente o oficio seleccionado no PDI anual.

O criterio é que, na medida do posible, se traballe cunha muller do entorno próximo.

Adxúntase esquema textual do xénero ENTREVISTA. A idea é, coma vimos facendo este curso, enmarcar as actividades propostas ademais de nas nosas currículas, como é habitual, nos compromisos adquiridos co Contrato-Programa que acordamos solicitar o pasado curso.

Os contactos coas posibles entrevistadas tamén se poden solicitar a través da Xefatura de Estudos.

## **Biografía:**

Os escolares reconstruirán a biografía dunha muller relacionada co oficio escollido ou que desperte o interese da aula por algunha outra razón.

Adxúntase esquema textual do xénero BIOGRAFÍA.

Na sala de profesores desde o pasado mércores, hai un listado de posibles mulleres a biografar. A biografía pode ser presentada coma dramatización, texto expositivo, presentación de Power Point... ou calquera outro modo.

As presentacións terán lugar na biblioteca na Hora de Ler da semana do 4 ao 8 de Marzo, segundo o calendario que se conforme a medida que vos vaiades anotando.

## **Lecturas e exposición**

Na Biblioteca montaremos, coma decote, unha selección de posibles lecturas que poden ser lidas polo profesorado aos seus escolares na HL na semana anterior.

## Esquema estructura BIOGRAFIA

- **Introducción** (orde cronolóxica)
  - Nome e apelidos
  - Data e lugar de nacemento
  - Traballos e estudos realizados
  - Morte
- **Corpo**
  - Engordar con detalles algún dos puntos anteriores
  - Carácter, temperamento
  - Gustos, habilidades
  - Anécdotas
- **Conclusión**
  - Valoración sobre a vixencia das súas aportacións.
- **Bibliografía** (incluir fontes orais e tódolos documentos consultados)

## Esquema estructura ENTREVISTA

Conversa (non interrogatorio) con intención de RECOLLER unha informacion determinada.

- **Antes:**
  - Definir con antelación QUE queremos saber.
  - Escribir as posibles preguntas. Evitar as de índole persoal que non afectan ao tema do que buscamos informarnos.
  - As preguntas poden ser:
    - **pechadas:** cando buscamos un dato moi concreto. Adoitan comezar por un pronome interrogativo (*Quen...*, *Canto...* *Onde....* *Que....*)
    - **abertas:** cando buscamos que o entrevistado se extenda na explicación. Adoitan comezar cun verbo (*Consideras necesario...*, *Prefires...*, *Traballas...*, *Farías...*, *Levas...*)
- **Durante:**
  - Crear un ambiente de cordialidade. Preguntar con tacto.
  - Reformular preguntas que non estaban escritas pero completan as respostas.
- **Despois:**
  - Transcribir fielmente.
- **Bibliografía** (incluir toda a documentación consultada na preparación)

# 8 de Marzo

## Día da Muller Traballadora

| Personaxe                 | Aula | Día |
|---------------------------|------|-----|
| <b>Maruja Mallo</b>       |      |     |
| <b>Susana Seivane</b>     |      |     |
| <b>Isabel Barreto</b>     |      |     |
| <b>Pinito del Oro</b>     |      |     |
| <b>Clara Campoamor</b>    |      |     |
| <b>Marie Curie</b>        |      |     |
| <b>Ada Lovelace</b>       |      |     |
| <b>Maria Wonenburguer</b> |      |     |
| <b>Exeria</b>             |      |     |
|                           |      |     |
|                           |      |     |
|                           |      |     |

Xefatura de Estudos e Coordinadores de Equipos  
CEIP Milladoiro  
Febreiro de 2013